

# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

## Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15027885	IES Lamas de Castelo	Carnota	2023/2024

## Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación secundaria obrigatoria	Economía e emprendemento	4º ESO	3	105

## Réxime

Réxime xeral-ordinario

<b>Contido</b>	<b>Páxina</b>
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	4
3.1. Relación de unidades didácticas	6
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	6
4.1. Concrecións metodolóxicas	14
4.2. Materiais e recursos didácticos	16
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	17
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	18
6. Medidas de atención á diversidade	20
7.1. Concreción dos elementos transversais	21
7.2. Actividades complementarias	24
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	24
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	26
9. Outros apartados	27

## 1. Introducción

### 1.1. Contextualización

O IES Lamas de Castelo atópase no concello de Carnota, situado no extremo occidental da provincia da Coruña, ó sur de Fisterra, limitando cos concellos de Muros, Dumbría e Mazaricos. A poboación do concello ascende a 4.605 habitantes, diseminada en 66.4 Km cadrados e distribuída en 5 parroquias (Lariño, Lira, Carnota, San Mamede e O Pindo).

Actualmente asistimos á diminución das actividades primarias (pesca, agricultura, gandería) e aumento dos sectores secundario (cooperativas de confección, granxas de rodaballo, fábrica de conservas e empresas familiares relacionadas coa construción) e terciario (servizos).

O reparto da poboación é moi desigual, concentrándose a súa maioría no Val de Carnota, no que nos atopamos un inmenso anfitriato rodeado de montañas e campos que se protexen do mar por dunas e xuncos.

O IES Lamas de Castelo comezou a funcionar no ano 1998 e o 23 de febreiro de 1999 iniciáronse as clases no edificio actual, que depende da Consellaría de Educación e Ordenación Universitaria da Comunidade Autónoma de Galicia. En decembro do 2000, o Consello Escolar solicitou o cambio de denominación de IES de Carnota a IES Lamas de Castelo, nome do lugar no que se localiza e co que se viña coñecendo popularmente.

O alumnado do IES Lamas de Castelo procede, na súa maioría, de dous centros educativos: o CEIP “San Crimenzo” do Pindo e o CEIP de Carnota. Polo feito de ter unha poboación dispersa, todos os alumnos/as do ensino obrigatorio, agás os de Pedrafigueira e dos lugares próximos ao instituto, teñen dereito a transporte escolar.

Desde o curso 2016/17, o IES Lamas de Castelo está adscrito ao IES Plurilingüe Fontexería, de Muros. Outros centros que reciben o noso alumnado cando rematan a ESO son o IES Agra de Raíces e o IES Fernando Blanco, os dous en Cee. No presente curso 2021-22, o número de alumnas e alumnos é aproximadamente de 69, repartidos en 4 grupos, un por cada nivel educativo: 1º, 2º, 3º e 4º.

O centro conta con 68 alumnos/as e cun profesorado estable de 17 docentes para o vindeiro curso, cun importante número de membros do claustro que teñen o seu destino definitivo no centro, se ben, nos últimos anos produciuse unha importante renovación do mesmo con moitas incorporacións.

### 1.2. Composición do departamento

O Departamento de Matemáticas conta con dous profesores de Ensinanza Secundaria, Iván Díaz Villaverde (Xefe de Estudos) que impartirá Matemáticas en 2º de ESO (dous grupos, un deles bilingüe) e Daniel Fernández Silva (Xefe de Departamento) que impartirá 1º, 3º e 4º de matemáticas B da ESO, reforzo de Física e Química e reforzo en matemáticas en 2º de ESO. Ademais impartirá a respectiva materia optativa de Economía e Emprendemento de 4º de ESO (un grupo).

### 1.3. Marco lexislativo

Esta programación didáctica está redactada tendo en conta o seguinte marco lexislativo:

- Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación (LOE)
- Lei Orgánica 3/2020, de 29 de decembro, pola que se modifica a Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación (LOMLOE)
- Decreto 156/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.
- Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia.
- Orde do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia en que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.
- Orde do 2 de marzo de 2021 pola que se regula o dereito do alumnado á obxectividade na avaliación e se establece o procedemento de reclamación das cualificacións obtidas e das decisións de promoción e obtención do título académico que corresponda, en educación infantil, educación primaria, educación secundaria obrigatoria e bacharelato.
- Orde do 25 de xaneiro de 2022 pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato no sistema educativo de Galicia.

- Resolución do 26 de maio de 2022, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de educación infantil, educación primaria, educación secundaria obrigatoria e bacharelato no curso académico 2022/23.
- Orde do 3 de maio de 2023 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2023/24 nos centros docentes sostenedos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia.

## 1.4. Descripción da materia

No caso do departamento de Matemáticas do IES Lamas de Castelo, todas as materias impartidas polo mesmo serán en castelán, salvo Economía e Emprendemento, que estando encadrada no departamento de Xeografía e Historia, impartirase en galego, como así o establece o Decreto 79/2010 do 20 de maio, para o plurilingüismo da ensinanza non universitaria en Galicia.

A materia de Economía e Emprendemento de 4º da ESO organízase nun grupo de 7 alumnos/as, e correspóndenlle 3 horas semanais.

A materia de modalidade Economía e Emprendemento está exposta como materia optativa en cuarto curso da educación secundaria obrigatoria e persegue dúas finalidades: por unha banda, que o alumnado dispoña dunha educación económica e financeira para desenvolver, de maneira responsable e viable, os seus proxectos vitais, profesionais e, no seu caso, empresariais; e, por outra banda, que o alumnado poida buscar solucións innovadoras para afrontar os retos que se propoñan, a través do seu autoconocemento, o coñecemento adquirido e a colaboración cos demais.

O estudo da economía e as finanzas, ademais de poder coñecer as regras que explican os acontecementos económicos e as consecuencias das propias decisións financeiras, proxecta valores como a solidariedade entre persoas, a importancia da sustentabilidade ou a xestión responsable dos recursos. O emprendedor, cunha formación económica e financeira adecuada, desempeña un papel importante na busca de oportunidades e ideas que contribúan a satisfacer as necesidades da contorna, xerando valor, innovando e contribuíndo a mellorar o benestar persoal, social e cultural.

O Decreto 156/2022 constitúe a base da programación do curso, e reparte os criterios de avaliación e contidos en catro bloques que contribuirán á consecución dos obxectivos da materia:

1. O bloque "O perfil da empresa emprendedora, iniciativa e creatividade" vincúlase coa análise e desenvolvemento do perfil da persoa emprendedora facendo fincapé no autoconocemento e no desenvolvemento de habilidades persoais para poder afrontar contextos cambiantes e incertos nos que emprender.
2. O bloque "A contorna como fonte de ideas e de oportunidades" lígase á análise das distintas contornas -económica, empresarial, social, ambiental, cultural e artística-, así como o desenvolvemento de estratexias que lle permitan ao alumnado identificar necesidades e buscar oportunidades que xurdan, facéndoo consciente de como a contorna condiciona os seus propios proxectos persoais e profesionais.
3. O bloque "Recursos para levar a cabo un proxecto emprendedor" céntrase na captación e xestión dos recursos humanos, materiais, inmateriais e dixitais como elementos necesarios para que un proxecto se poida levar á realidade. Abórdanse cuestións sobre as fontes de financiamento, recursos financeiros e formación e funcionamento efectivo dos equipos de traballo.
4. O bloque "A realización do proxecto emprendedor" trata de dar a coñecer como facer un proxecto emprendedor desde a idea inicial ata a execución e validación do prototipo final.

## 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Analizar e valorar as fortalezas e as debilidades propias e as dos demais, reflexionando sobre as aptitudes, xestionando de forma eficaz as emocións e as destrezas necesarias que promovan unha actitude vital creadora para adaptarse a contornas cambiantes e deseñar un proxecto persoal único, cunha actitude emprendedora que xere valor para os demais.					1	1	2	3

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX2 - Utilizar estratexias de conformación de equipos, así como habilidades sociais, de comunicación e innovación áxil, aplicándoas con autonomía e motivación ás dinámicas de traballo en distintos contextos, para constituír grupos de traballo eficaces e descubrir o valor de cooperar con outras persoas durante o proceso de ideación e desenvolvemento de solucións emprendedoras.	1	1-2			1-3	1	2	
OBX3 - Elaborar, con sentido ético e solidario, ideas e solucións innovadoras e sostibles que dean resposta ás necesidades locais e globais detectadas, utilizando metodoloxías áxiles de ideación e analizando tanto os seus puntos fortes e débiles coma o impacto que poidan xerar esas ideas na contorna, para lograr a superación de retos relacionados coa preservación e co coidado da contorna natural, social, cultural e artística.			3			4	1-2-3	3
OBX4 - Seleccionar e reunir os recursos dispoñibles no proceso de desenvolvemento da idea ou solución creativa proposta, coñecendo os medios de produción e as fontes financeiras que proporcionan estes recursos e aplicando estratexias de captación destes para poñer en marcha o proxecto que leve á realidade a solución emprendedora.			3	2			1-2	
OBX5 - Presentar e expoñer ideas e solucións creativas utilizando estratexias comunicativas áxiles e valorando a importancia dunha comunicación efectiva e respectuosa para transmitir mensaxes convincentes adecuadas ao contexto e aos obxectivos concretos de cada situación e validar as ideas e as solucións presentadas.	1-2-3			3	1	1	1-2	
OBX6 - Comprender aspectos básicos da economía e das finanzas, valorando criticamente o problema da escaseza de recursos e a necesidade de elixir, así como os principios de interacción social desde o punto de vista económico, para relacionar os devanditos aspectos coa procura e planificación dos recursos necesarios no desenvolvemento da idea ou da solución emprendedora que afronte o reto exposto de maneira eficaz, equitativa e sostible.						1	1-2-3	
OBX7 - Construír e analizar de maneira cooperativa, autónoma e áxil prototipos innovadores e sostibles, aplicando estratexias eficaces de deseño e execución, avaliando todas as fases do proceso de maneira crítica e ética e validando os resultados obtidos tanto para a mellora e perfeccionamento dos prototipos creados coma para a aprendizaxe e o desenvolvemento persoal e colectivo.			3	5	3-5		2-3	

**Descrición:**

**3.1. Relación de unidades didácticas**

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	A economía como ciencia.	A ciencia económica. A escaseza de recursos e a necesidade de elixir. O custo de oportunidade. A toma de decisións.	11	12	X		
2	A organización económica.	Os axentes económicos e o fluxo circular da renda. Os sectores produtivos.	12	12	X		
3	O mercado.	O funcionamento dos mercados. Comercio, benestar e desigualdades. Os retos do século XXI.	11	12	X		
4	A organización da empresa.	Funcións da empresa. Elementos da empresa. Os equipos nas empresas. Traballo en equipo.	12	12		X	
5	A empresa e a súa contorna.	Análise da contorna específica ou microcontorna. A responsabilidade social corporativa. Análise da contorna xeral ou macrocontorna.	12	12		X	
6	Inversión e financiamento.	O sistema financeiro. As finanzas. Fontes e control de ingresos e gastos. Recursos financeiros a curto e longo prazo. Endebemento. Xestión de riscos e seguros.	14	16		X	X
7	O emprendemento.	O perfil da persoa emprendedora: habilidades e calidades. Análise DAFO da persoa emprendedora. A xestión das emocións.	9	10			X
8	A idea de negocio.	A idea de negocio e as oportunidades empresariais. Comunicación, motivación e liderado. Dinámicas de traballo en grupo.	9	9			X
9	O proxecto emprendedor.	Misión e visión da empresa emprendedora. Planificación, xestión e execución dun proxecto emprendedor. Viabilidade económica e financeira da empresa. A elección da forma xurídica.	10	10			X

**3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas**

UD	Título da UD	Duración
1	A economía como ciencia.	12

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.6 - Valorar criticamente o problema económico da escaseza de recursos, a necesidade de elixir e a proposta de solucións que supoñan un mellor aproveitamento dos recursos e a reutilización circular das desfeitas xerados que contribúan á sostibilidade do sistema.	Entender o proceso básico da toma de decisións de carácter económico en distintas contornas. Comprender o concepto de escaseza económica e relacionalo co custo da renuncia das alternativas perdidas.	PE	100

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- A economía como ciencia. A perspectiva económica da contorna. O problema económico: a escaseza de recursos e a necesidade de elixir. A elección en economía: custos, análise marxinal, incentivos. O comportamento das persoas nas decisións.

UD	Título da UD	Duración
2	A organización económica.	12

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.5 - Afrontar os retos en distintos contextos e situacións, reais ou simuladas, transferindo os coñecementos económicos e financeiros necesarios e sendo consciente da importancia para a persoa emprendedora da capacidade de anticipación aos cambios da contorna.	Comprender o papel dos distintos axentes no fluxo circular da renda. Clasificar as distintas actividades económicas por sectores.	PE	70
CA2.6 - Valorar criticamente o problema económico da escaseza de recursos, a necesidade de elixir e a proposta de solucións que supoñan un mellor aproveitamento dos recursos e a reutilización circular das desfeitas xerados que contribúan á sostibilidade do sistema.	Identificar algún problema económico da súa contorna, razoando as posibles causas e valorando solucións.	TI	30

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- A economía como ciencia. A perspectiva económica da contorna. O problema económico: a escaseza de recursos e a necesidade de elixir. A elección en economía: custos, análise marxinal, incentivos. O comportamento das persoas nas decisións.
- A contorna económico-empresarial. Os axentes económicos e o fluxo circular da renda.
- Sectores produtivos e xéneros da contorna cultural e artística. Axentes que apoian a creación de proxectos culturais emprendedores.

UD	Título da UD	Duración
3	O mercado.	12

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.5 - Afrontar os retos en distintos contextos e situacións, reais ou simuladas, transferindo os coñecementos económicos e financeiros necesarios e sendo consciente da importancia para a persoa emprendedora da capacidade de anticipación aos cambios da contorna.	Aplicar razoamentos básicos para interpretar problemas económicos provenientes das relacións económicas da súa contorna.	PE	70
CA2.6 - Valorar criticamente o problema económico da escaseza de recursos, a necesidade de elixir e a proposta de solucións que supoñan un mellor aproveitamento dos recursos e a reutilización circular das desfeitas xerados que contribúan á sostibilidade do sistema.	Valorar o papel do mercado na asignación dos recursos. Propoñer solucións para reducir as desigualdades que se poidan xerar e incrementar o benestar. Identificar as características da economía social e solidaria, e a economía circular.	TI	30

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- O funcionamento dos mercados. Comercio, benestar e desigualdades.</li> <li>- O impacto da actividade empresarial: a responsabilidade social corporativa. A contorna social, cultural e ambiental desde unha perspectiva económica. A economía colaborativa. A pegada ecolóxica e a economía circular. A economía social e solidaria. Os obxe</li> </ul>

UD	Título da UD	Duración
4	A organización da empresa.	12

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - Constituír equipos de traballo baseados en principios de equidade, coeducación e igualdade entre homes e mulleres, actitude participativa e visualización de metas comúns, utilizando estratexias que faciliten a identificación e a optimización dos recursos humanos necesarios que conduzan á consecución do reto proposto.	Identificar as funcións da xestión dos recursos humanos. Seleccionar equipos de traballo que conduzan á consecución dos obxectivos propostos.	PE	70
CA3.2 - Poner en práctica habilidades sociais, de comunicación aberta, motivación, liderado e de cooperación en distintos contextos de traballo en equipo, valorando as achegas dos demais nas distintas dinámicas de traballo e respectando as decisións tomadas de forma colectiva	Identificar e aplicar estratexias de traballo en equipo. Identificar e aplicar distintas técnicas de resolución de conflitos, comunicación e motivación.		



Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.3 - Planificar e poñer en marcha un proxecto viable que leve á realidade unha solución emprendedora, seleccionando e reunindo os recursos materiais, inmateriais e dixitais máis adecuados ao noso proxecto.	Identificar os distintos elementos da empresa, e aplicalos a unha empresa en concreto.	TI	30

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Misión, visión e valores da empresa ou entidade: a cultura empresarial. A organización e a xestión das entidades emprendedoras. Funcións da empresa.</li> <li>- Os equipos nas empresas e organizacións. Estratexias áxiles de traballo en equipo. Formación e funcionamento de equipos de traballo. Estratexias de comunicación, negociación e solución de conflitos.</li> </ul>

UD	Título da UD	Duración
5	A empresa e a súa contorna.	12

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.3 - Preservar e coidar a contorna natural, social, cultural e artística a partir de propostas e actuacións locais e globais que promovan o desenvolvemento sostible, con visión creativa, emprendedora e comprometida.	Identificar a contorna específica e xeral dunha determinada empresa. Recoñecer distintas propostas para evitar o impacto negativo das empresas na súa contorna natural, social e cultural.	PE	60
CA2.4 - Propoñer ideas e solucións innovadoras e sostibles, avaliando o impacto que poidan xerar no eido persoal e na contorna e aplicando metodoloxías áxiles para a obtención de solucións ás necesidades detectadas con sentido ético e solidario.	Valorar o impacto da actividade empresarial na súa contorna. Recoñecer a importancia da responsabilidade social corporativa das empresas.	TI	40
CA2.6 - Valorar criticamente o problema económico da escaseza de recursos, a necesidade de elixir e a proposta de solucións que supoñan un mellor aproveitamento dos recursos e a reutilización circular das desfeitas xerados que contribúan á sostibilidade do sistema.	Identificar estratexias de responsabilidade social corporativa en empresas da contorna.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- O mercado e as oportunidades de negocio: análise da contorna xeral ou macrocontorna; análise da contorna específica ou microcontorna. Análise DAFO de proxectos empresariais. Estratexias de exploración da contorna. Procura e xestión da información.</li> <li>- A empresa e a súa responsabilidade social. A decisión empresarial e a innovación como fonte de transformación social.</li> <li>- O impacto da actividade empresarial: a responsabilidade social corporativa. A contorna social, cultural e ambiental desde unha perspectiva económica. A economía colaborativa. A pegada ecolóxica e a economía circular. A economía social e solidaria. Os obxe</li> </ul>

UD	Título da UD	Duración
6	Inversión e financiamento.	16

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.5 - Afrontar os retos en distintos contextos e situacións, reais ou simuladas, transferindo os coñecementos económicos e financeiros necesarios e sendo consciente da importancia para a persoa emprendedora da capacidade de anticipación aos cambios da contorna.	Explicar o papel do sistema financeiro.	PE	50
CA3.4 - Utilizar con autonomía estratexias de captación e xestión de recursos coñecendo as súas características e aplicándoas ao proceso de conversión das ideas e solucións en accións e planificando con coherencia a súa organización, distribución, uso e optimización.	Entender as posibilidades de financiamento que existen nos mercados financeiros, valorando os riscos e custos das distintas fontes.		
CA3.3 - Planificar e poñer en marcha un proxecto viable que leve á realidade unha solución emprendedora, seleccionando e reunindo os recursos materiais, inmateriais e dixitais máis adecuados ao noso proxecto.	Aplicar a casos prácticos os coñecementos sobre financiamento e investimento adquiridos.	TI	50
CA3.5 - Presentar e expoñer, con claridade e coherencia, ideas e solucións creativas, co fin de captar recursos para o financiamento e o mecenado deste.	Xustificar a elección dunha fonte concreta de financiamento para un caso determinado.		
CA3.6 - Desenvolver unha idea ou unha solución emprendedora vendo a relación entre os coñecementos adquiridos e os recursos necesarios e dispoñibles que permitan o seu desenvolvemento, identificando os máis adecuados en distintos contextos e situacións, reais ou simuladas e aplicando os coñecementos económicos e financeiros necesarios.	Determinar os investimentos e fontes de financiamento necesarios para o desenvolvemento dunha idea emprendedora.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- O sistema financeiro.</li> <li>- As finanzas da persoa emprendedora: control e xestión do diñeiro. Fontes e control de ingresos e gastos. Recursos financeiros a curto e a longo prazo e a súa relación co benestar financeiro. O endebedamento. Fontes de financiamento e captación de recursos</li> </ul>

UD	Título da UD	Duración
7	O emprendemento.	10

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA1.2 - Utilizar estratexias de análise razoada das fortalezas e debilidades persoais e da iniciativa e creatividade propia e da dos demais.	Identificar as fortalezas e debilidades persoais propias e dos demais que se identifican coa iniciativa emprendedora.	PE	30
CA1.1 - Adaptarse a contornas complexas e crear un proxecto persoal orixinal e xerador de valor, partindo do autoconhecimento e tomando conciencia de que o proceso emprendedor constitúe unha forma de enriquecemento e crecemento persoal.	Realizar a análise DAFO propia. Valorar o proceso emprendedor como forma de enriquecemento persoal.	TI	70
CA1.3 - Xestionar de forma eficaz as emocións e as destrezas persoais, promovendo e desenvolvendo actitudes creativas, asumindo o risco que supón un proxecto innovador e aprendendo dos erros que cometemos.	Valorar as características propias do emprendedor necesarias para poñer en marcha un proxecto innovador.		
CA1.4 - Pór en práctica as habilidades sociais da persoa emprendedora, de comunicación aberta, motivación, liderado e de cooperación e innovación áxil, tanto de maneira presencial como a distancia, en distintos contextos de traballo en equipo, valorando, respectando e asumindo as achegas dos demais nas distintas dinámicas de traballo en grupo.	Utilizar habilidades sociais propias da persoa emprendedora tanto no traballo individual como en grupo.		
CA2.1 - Adaptarse a contornas complexas e crear un proxecto persoal orixinal e xerador de valor, partindo da valoración crítica sobre as propias aptitudes e as posibilidades creativas.	Realizar unha valoración crítica da análise DAFO propia. Identificar as calidades persoais e as destrezas asociadas á iniciativa emprendedora.		
CA2.2 - Xestionar de forma eficaz as emocións e as destrezas persoais promovendo e desenvolvendo actitudes creativas.	Aplicar estratexias de xestión de emocións.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- A importancia económica e social da persoa emprendedora.</li> <li>- O perfil da persoa emprendedora: habilidades.</li> <li>- Autoconfianza, autoconhecimento, empatía, perseveranza, iniciativa e resiliencia.</li> <li>- Técnicas de diagnóstico de debilidades e fortalezas internas. Análise DAFO da persoa emprendedora.</li> <li>- Xestión de emocións. A importancia da motivación para emprender. Estratexias de xestión da incerteza e toma de decisións en contextos cambiantes. O erro e a validación como oportunidades para aprender.</li> <li>- A visión emprendedora.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
8	A idea de negocio.	9

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
--------------------------------	-------------------------------	-----------	----------

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA1.5 - Superar os retos propostos a partir de ideas e solucións innovadoras e sostibles, avaliando o seu impacto na sociedade.	Avaliar o impacto na sociedade de distintas ideas e solucións innovadoras.	TI	100
CA1.6 - Construír ideas creativas e sostibles aplicando metodoloxías áxiles que faciliten a superación dos retos expostos con sentido ético e solidario.	Propoñer ideas creativas que contribúan ao desenvolvemento sostible da súa contorna.		
CA1.7 - Validar as ideas e solucións utilizando estratexias comunicativas áxiles adaptadas a cada situación comunicativa.	Aplicar estratexias comunicativas áxiles na presentación das ideas propostas.		
CA1.8 - Presentar e expoñer, con claridade e coherencia, as ideas e solucións creativas, adquirindo habilidades e técnicas de expresión oral con apoio audiovisual na posta en común destas.	Aplicar estratexias de comunicación ás ideas propostas.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- O perfil da persoa emprendedora: habilidades.</li> <li>- Creatividade, ideas e solucións. A innovación áxil.</li> <li>- Comunicación, motivación e liderado da persoa emprendedora. Habilidades sociais. Dinámicas de traballo en grupo.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
9	O proxecto emprendedor.	10

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA4.1 - Adaptarse a contornas complexas cun proxecto persoal orixinal e xerador de valor, logrando pro-gresivamente o control consciente das emocións.	Presentar un proxecto emprendedor a partir dunha idea de negocio.	TI	100
CA4.2 - Superar os retos propostos a partir de ideas e solucións innovadoras e sostibles, avaliando o seu impacto no eido persoal e na contorna.	Avaliar o impacto da idea de negocio no eido persoal e na contorna.		
CA4.3 - Poñer en marcha un proxecto viable analizando os recursos materiais, inmateriais e dixitais dispoñibles no proceso de ideación creativa.	Planificar o proxecto de empresa presentado.		
CA4.4 - Utilizar con autonomía estratexias de captación e de xestión de recursos coñecendo as súas características e aplicándoas ao proceso de conversión das ideas e solucións en accións.	Manexar estratexias de captación e xestión dos recursos necesarios para a posta en marcha do proxecto presentado.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.5 - Validar as ideas e as solucións presentadas mediante mensaxes convincentes e adecuadas, co fin de presentar e expoñer, con claridade e coherencia, as ideas e as solucións creativas, mantendo unha comunicación eficaz e respectuosa ao longo de todo o proceso levado a cabo.	Aplicar ferramentas de comunicación ao proxecto presentado.		
CA4.6 - Desenvolver unha idea ou unha solución emprendedora a partir dos coñecementos, destrezas e actitudes adquiridos desde o ámbito da economía e das finanzas, vendo a relación entre estes e os recursos necesarios e dispoñibles que permitan o seu desenvolvemento.	Determinar os recursos necesarios para desenvolver o proxecto presentado.		
CA4.7 - Coñecer e comprender con precisión os contidos necesarios do ámbito económico e financeiro aplicándoos con coherencia a situacións, actividades ou proxectos concretos.	Analizar a viabilidade do proxecto presentado.		
CA4.8 - Afrontar os retos de maneira eficaz, equitativa e sostible, en distintos contextos aplicando os coñecementos económicos e financeiros necesarios.	Avaliar o impacto na contorna do proxecto presentado en termos de equitatividade e sostibilidade.		
CA4.9 - Utilizar estratexias eficaces de deseño e execución do prototipo final utilizando métodos de traballo áxiles, cooperativos e autónomos, analizando de maneira crítica o proceso de deseño e execución levado a cabo e valorando a súa viabilidade e adecuación empregada na construción deste.	Realizar un estudo de viabilidade do produto.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- O reto ou o desafío como obxectivo.</li> <li>- Planificación, xestión e execución dun proxecto emprendedor. Do reto ao prototipo.</li> <li>- Desenvolvemento áxil do produto.</li> <li>- Técnicas e ferramentas de prototipado rápido.</li> <li>- Métodos de análise da competencia. Estratexias competitivas.</li> <li>- Mercadotecnia do produto. Presentación e introdución do prototipo na contorna. Estratexias de difusión.</li> <li>- Validación e testado de prototipos. Valoración do proceso de traballo. Innovación áxil.</li> <li>- Estudo de viabilidade do produto e elección de forma xurídica.</li> <li>- O usuario como destinatario final do prototipo. A toma de decisións dos usuarios. O usuario como consumidor. Dereitos e obrigacións dos consumidores.</li> </ul>

#### 4.1. Concrecións metodolóxicas

A metodoloxía didáctica é o conxunto de estratexias e procedementos planificados de maneira consciente polo profesorado para posibilitar a aprendizaxe do alumnado e a consecución dos obxectivos propostos. O enfoque metodolóxico debe ser consecuente, polo tanto, no deseño da práctica de ensino e aprendizaxe desta materia consideranse os principios e orientacións pedagóxicas do Decreto 156/2022 polo que se establece a ordenación e o currículo da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia; asemade, as propostas aquí recollidas están en consonancia coas disposicións xerais recollidas no PE e na Programación do departamento didáctico.

As seguintes concrecións metodolóxicas serven de guía para a planificación do proceso de ensino-aprendizaxe e dirixen a práctica docente para tódalas materias que imparte este Departamento.

Partindo da reflexión de que non existe unha única metodoloxía didáctica idónea para favorecer a aprendizaxe, toda a nosa PD fundaméntase no principio de que a educación debe ser entendida como un proceso construtivo no que interactúan as capacidades do alumnado, o seu propio contexto e as estratexias de ensinanza. Para lograr esta aprendizaxe significativa é indispensable que cada alumno/a sexa consciente deste proceso, converténdose no actor principal do mesmo ao reorganizar e reestruturar o coñecemento de maneira interna como consecuencia da aparición e resolución de conflitos cognitivos. O papel do profesor é servir de guía e prover dos recursos necesarios para asegurarnos de que esta aprendizaxe teña lugar, ao confrontar os coñecementos previos do alumnado cos novos contidos impartidos.

Sobre estas bases pedagóxicas asentamos o deseño das actividades de ensino-aprendizaxe que contemplamos para toda a PD, e cuxos principios reitores serían os seguintes:

1. Valorar o grao de coñecemento previo dos contidos polo alumnado, que pode variar moito duns a outros e que, polo xeral, adoita ser baixo. Este aspecto é necesario para estimar o grao de afondamento que requirirán os diferentes contidos a impartir en cada unidade, e o tipo de actividades que mellor se adaptan a estas necesidades.
2. Contemplar a aplicabilidade práctica dos coñecementos e a súa importancia para o desenvolvemento persoal do alumnado na súa vida cotiá. Isto explica que moitas das actividades contempladas fagan referencia a acontecementos e realidades facilmente identificables no momento actual ou na contorna xeográfica dos estudantes, como os problemas ambientais, a relación da actividade económica coa sociedade, a valoración do patrimonio local, entre outras. Deste xeito, buscamos que os alumnos/as tomen conciencia do seu papel na sociedade que os rodea e se valoren como suxeitos activos do propio devir histórico. Esta última consigna remítenos necesariamente ao desenvolvemento da competencia social e cívica, ao establecer nexos de unión entre o alumnado e o seu entorno, e contribúe a estimular a súa intelixencia emocional favorecendo os valores da empatía e a tolerancia.
3. Favorecer a participación activa, sobre todo de forma oral, tanto na exposición de contidos como na aplicación dos mesmos para a resolución de tarefas. Esta participación tradúcese nun maior compromiso por parte do alumnado co proceso de aprendizaxe, tanto individual como colectivo, pois a integración dos coñecementos prodúcese pola interacción tanto co resto do grupo, como co profesor ou cos materiais de traballo propostos. A participación activa será motivada no conxunto do grupo, buscando sempre un equilibrio que permita as intervencións de todo o alumnado. As tarefas do profesor aquí serán a de moderar o discurso tanto no seu contido como na súa forma, promovendo así o traballo na competencia en comunicación lingüística, e a de mediar na resolución de posibles conflitos.
4. Ofrecer formas de organización do traballo variadas nas que se contemple o traballo cooperativo e a interacción entre o alumnado, coa finalidade de favorecer a súa competencia comunicativa e promover actitudes de respecto e tolerancia no eido socioeducativo. Para isto realizaremos agrupamentos heteroxéneos que favorezan o debate e intercambio de coñecementos, así como o establecemento de estratexias de traballo en equipo. En tódalas unidades haberá actividades desta natureza, que poden realizarse en parellas, pequeno grupo ou en gran grupo segundo corresponda.
5. Empregar medios de traballo variados e atractivos, relacionados a súa maioría coa integración das novas tecnoloxías da información e da comunicación (TIC) no proceso de aprendizaxe. A maioría dos materiais de traballo estarán dispoñibles na aula virtual, a cal servirá tamén como canle de comunicación habitual fóra do horario lectivo.
6. Primar o tempo de traballo de cada sesión para a realización das tarefas, o que require dun estudo pormenorizado da temporalización de cada actividade para adecuala á duración total das mesmas. A finalidade é a de permitir que fóra do horario lectivo o alumnado poida dispoñer de tempo suficiente para integrar os coñecementos adquiridos de maneira autónoma e individualizada, ben sexa repasando estes a través do portafolios ou ben buscando información por outras canles sobre a materia impartida, entre outras estratexias.
7. Establecer unha gradación na dificultade das tarefas e na complexidade dos contidos impartidos, que aumentará progresivamente conforme avancemos na UD correspondente. Isto determinará a orde das actividades en función da súa tipoloxía.

8. Promover un enfoque inclusivo do ensino mediante propostas de aplicación baseadas no Deseño Universal para a Aprendizaxe (DUA). Queremos adiantarnos ás posibles dificultades que poidan xurdir tendo en conta a diversidade do alumnado, incentivando a igualdade de oportunidades asentada no respecto aos diferentes ritmos de traballo e adquisición dos coñecementos e competencias. Algunhas das estratexias que seguimos nesta dirección son o establecemento de temporalizacións flexibles nas unidades, que permitan modificar a súa planificación inicial adecuándoa á realidade do grupo; a presentación dos contidos a impartir en múltiples formatos que abarquen as preferencias perceptivas dos alumnos/as (textos, mapas conceptuais, ilustracións, pezas audiovisuais, contido multimedia, entre outros exemplos) e con diferentes opcións para a súa percepción (glosarios en ambas linguas cooficiais, adaptación do tamaño e claridade documentos en formato dixital e transcripción escrita dos documentos audiovisuais); e a flexibilidade na forma de desenvolvemento das tarefas, oral ou escrita, en función das dificultades do alumnado.

Para poder empregar mecánicas colaborativas, e, en xeral, para acadar un bo clima no que respecta ás relacións interpersoais na aula, temos que partir dunha serie de principios que debemos, como docentes, inculcar ao grupo-clase:

- a) Responsabilidade individual: todos os membros son responsables do seu desempeño individual dentro do grupo, non debendo adoptar, pois, actitudes disruptivas.
- b) Interdependencia positiva: os membros do grupo deben ser conscientes de que dependen os uns dos outros para acadar a meta común.
- c) Habilidades de colaboración: son as necesarias para que o grupo funcione de forma efectiva: traballo en equipo, liderado, solución de conflitos... Os membros do grupo interactúan entre eles para establecer estratexias efectivas de aprendizaxe.
- d) Uso de rúbricas para valorar o proceso e progreso do grupo: o grupo reflexiona de forma periódica e avalía o seu funcionamento, efectuando os cambios necesarios para incrementar a súa efectividade.

## Liñas metodolóxicas xerais

Toda esta programación ten un mesmo espírito: ampliar o coñecemento, reforzando constantemente o que xa temos aprendido, relacionando unhas unidades con outras, e estas co campo máis amplo que son as Ciencias Sociais. As referencias literarias, cinematográficas e o mundo da novela gráfica serán constantes nas actividades de ensinanza-aprendizaxe, buscando motivar as alumnas e alumnos e procurar que busquen novas vías de coñecemento.

Ademais do propio apoio dado na aula, faremos entrega ó alumnado de distintos materiais teóricos, que lles poidan valer de referencia para enfrontarse ás probas escritas, dando sempre opción a que o alumnado amplíe información por medio das actividades de reforzo, ampliación e consolidación.

## Actividades de ensino-aprendizaxe

As actividades constitúen un dos eixos fundamentais do proceso de aprendizaxe xa que na súa realización o alumnado adquire un papel activo. A programación de actividades realizouse seguindo estes criterios:

- Que faciliten o desenvolvemento de capacidades relacionadas co espazo e o tempo, a análise de fontes, o tratamento da información e a formulación de problemas.
- Que proporcionen aprendizaxes referidas a conceptos, procedementos e actitudes.
- Que presenten variedade en tipoloxía, procedencia e natureza das fontes históricas referidas, así como en grao de dificultade.
- Que manteñan coherencia interna en función da lóxica e do deseño dun proceso de aprendizaxe significativa.
- Que desenvolvan a capacidade do alumnado para aprender por si mesmo e o leven a reflexionar e potenciar o seu pensamento crítico.
- Que propoñan reflexións sobre os antecedentes históricos de situacións actuais, facilitando a interpretación desde unha perspectiva histórica do presente.

Propoñemos para a maioría das sesións unha estrutura dual, que combina unha primeira parte enfocada á transmisión expositiva de contidos, e unha segunda baseada no traballo do alumnado cos materiais e tarefas propostas polo profesor. Lembremos que nesa primeira parte, e de acordo cos principios que enunciámos na introdución do apartado 4, a exposición de contidos farase sempre motivando a participación activa dos estudantes, dotando dun carácter bidireccional ao proceso de ensino-aprendizaxe. Así, a secuencia de actividades de aplicación regular será a seguinte:

- a) Avaliación inicial ao comezo de cada unidade, para detectar os coñecementos previos. Poderá realizarse de maneira oral, a través dunha sondaxe entre todo o alumnado, de forma escrita a través de cuestionarios, ou en formato dixital.
- b) Motivación e introdución á materia que se vai impartir.
- c) Exposición dos contidos polo profesor, permitindo a asimilación dos novos coñecementos e favorecendo a

participación activa.

d) Realización de actividades de desenvolvemento (aplicación dos coñecementos para a resolución de tarefas simples que asenten a comprensión dos contidos), consolidación (reformulación dos coñecementos e fixación dos mesmos) ou síntese (resumo ou esquematización que integre os contidos aprendidos).

e) Avaliación do proceso educativo mediante a realización de probas escritas.

Na aula alternaranse os traballos e actividades individuais cos desenvolvidos en pequeno e gran grupo, facilitando a comunicación entre o alumnado e a súa participación na clase segundo o profesorado determine en aras da autonomía persoal. Potenciaranse as estratexias de busca e tratamento da información, tanto escrita -prensa, manuais, monografías, etc.- como oral ou visual -medios de comunicación, diapositivas, etc.

Dentro do posible tentarase facer cando menos unha saída para observar en directo algúns dos fenómenos estudados na aula (véxase o apartado de actividades complementarias e extraescolares).

Ao longo de todo este proceso, e como medidas de atención á diversidade introducíranse actividades de reforzo, destinadas a aqueles alumnos con dificultades de aprendizaxe, e actividades de ampliación, para permitir que aqueles que adquiren os contidos de maneira satisfactoria poidan continuar aprendendo.

O mecanismo para comunicarse coas familias, será a través dos respectivos titores/as ou a través da plataforma dixital habilitada: Abalar.

## 4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Libro de texto: Non será obrigatorio para o alumnado a compra do libro de texto para a materia de matemáticas, senón que neste curso académico o alumnado de 4º da ESO está incluído no proxecto E-Dixgal e por tanto dispón dun ordenador portátil e táctil co que poderán acceder aos contidos que o profesorado poña a súa disposición.
Ordenador portátil individual e plataforma E-Dixgal: é o recurso que, tanto o profesor como o alumnado, deben utilizar obrigatoriamente. Cada profesor ten o seu espazo en Edixgal onde pode colgar apuntamentos para o seu alumnado, exemplos de exames doutros anos, exames resoltos do curso actual e todo tipo de información relacionada coa súa materia. Así mesmo, tamén o Departamento dispón dun espazo para estes mesmos mestres, pois é un punto de encontro virtual ideal para contactar co alumnado pendente (difusión da programación, datas dos exames, exercicios para o alumnado pendente...). Todo isto, sen esquecer a posibilidade de ser máis ambiciosos, propondo tarefas interactivas a través dela.
Apuntamentos do profesor/a e materiais E-Dixgal: O propio profesor da materia se encargará de subir a Edixgal tanto os apuntamentos teóricos das distintas unidades didácticas como os boletíns de exercicios a realizar polo alumnado na aula. Durante a sesión proxectarase no taboleiro dixital a presentación dos contidos cas súas correspondentes explicacións e procederase a realización de exercicios tanto no caderno como no taboleiro. Ademais o mesmo profesor entregará unha copia impresa en papel de todo o material colgado Edixgal polo que o alumno debe ser responsable de gardar ditas fotocopias para levar a aula nas seguintes sesións que sexa preciso o seu uso. Nalgunhas unidades didácticas faráse uso dos materiais e recursos que o profesorado considere interesantes para traballar na aula das editoriais que ofrece Edixgal, como Aula paneta ou Netex.
Libros de lectura: na biblioteca do centro hai un bo número de libros de interese para a materia: novelas curtas con contidos financeiros, biografías de personaxes famosos, libros con problemas resoltos... a disposición do alumnado, cuxa consulta ou préstamo deben ser promovidos polo profesorado do Departamento. .
Prensa escrita e/ou dixital: este é outro material que se pode utilizar con relativa frecuencia nas clases de economía e emprendemento. Detectar erros e analizar conclusións tendenciosas nas sondaxes que frecuentemente se publican, pode ser de grande utilidade para desenvolver o espírito investigador e crítico do alumnado. Así mesmo, das distintas publicacións poden extraerse multitude de exemplos para poñer en práctica os coñecementos adquiridos nas clases de economía e emprendemento, comprobando así, o grao de cumprimento das competencias do alumnado.
Plans, proxectos e programas de centro.
Aula de informática.



Dotación da aula (encerado dixital, pupitres, encerado,...): Co ordenador da mesa do profesor poderase acceder á rede para ampliar, aclarar ou ilustrar as explicacións na pizarra dixital, proxectar presentacións (materiais previamente elaborados polo profesor e/ou alumnos/as), proxectar vídeos de contido matemático adecuados a idade do alumnado (hai unha morea deles moi interesantes e de uso libre na web, Universo Matemático, Más Por Menos, Historia das Matemáticas...).
Páxinas web xerais para a busca de información, e específicas sobre aspectos económicos e de emprendemento.
Presentacións, vídeos educativos e material audiovisual.
Software específico libre.
Actividades complementarias.
Caderno da/o alumna/o.
Calculadora científica.

O alumnado deberá dispoñer dunha libreta individual para a realización de actividades escritas, así como dun portafolios no que deberá gardar de maneira ordenada os boletíns de exercicios facilitados polo profesor.

Os boletíns de exercicios serán entregados ao comezo de cada unidade didáctica polo profesor, ben nun mesmo arquivo ou ben en varios, que deberán entregar debidamente realizados o día que se realice a proba escrita. Ademais, será obrigado dispoñer do mesmo en cada unha das sesións nas que se traballe a materia á que fai referencia o boletín.

É esencial que o alumnado consulte regularmente a plataforma E-Dixgal da materia, onde o profesor poñerá a disposición de todo o alumnado os apuntamentos dos contidos que serán avaliados nas probas escritas.

É recomendable dispoñer asemade dunha calculadora.

## 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Partiremos en tódolos niveles da materia de Economía dunha avaliación inicial coa que pretendemos valorar os coñecementos previos e os nivel de desenvolvemento do alumnado nos distintos cursos. Esta realizarase nos primeiros días de clase co correspondente grupo. Un instrumento desta avaliación pode ser unha proba inicial ou preguntas orais, que nos oriente cara ao establecemento das estratexias de aprendizaxe e a realización das actividades máis axeitadas, para a total e correcta consecución dos obxectivos previstos. A data prevista para a reunión de avaliación inicial da ESO, é o día 4 de outubro de 2023.

Preferentemente a través de probas escritas, a avaliación inicial pode consistir en:

Lectura dun pequeno texto e preguntas sobre o mesmo. O obxectivo é ver o nivel de lectura comprensiva do alumno/a e o seu grao de coñecemento inicial sobre contidos das distintas materias.

- Mapas, sobre todo de España e Europa. Trátase de observar un nivel de coñecemento xeográfico básico.
- Cuestións sobre aspectos básicos de Economía, que ademais permitirán avaliar a coherencia e a corrección gramatical e ortográfica.
- Elaboración de sínteses ou esquemas, mapas conceptuais..., que permitan coñecer se os alumnos e alumnas dominan eses procedementos tan básicos na nosa área.

Estas probas iniciais non se terán en conta para establecer a cualificación da avaliación. É unha observación sobre o nivel individual e do grupo, a partir da cal o profesor preparará as estratexias e procedementos necesarios para a impartición das súas clases.

Nas reunións de avaliación inicial programadas no centro, trataranse os casos dos alumnos/as aos que se lle detecten carencias básicas para tomar as medidas oportunas na xunta avaliadora. Ademais, nas materias que corresponden ao noso Departamento, os resultados de dita proba poderán orientarnos cara ao establecemento das estratexias de aprendizaxe e a realización das actividades de reforzo máis axeitadas a cada alumno/a.

De acordo cos resultados obtidos polo alumnado, a partir da realización de dita proba, poderanse adoptar as medidas que o Departamento ou os docentes consideren máis axeitadas para facilitar o proceso de ensinanza aprendizaxe segundo se recollen no apartado relativo á atención á diversidade. Contémplase que se podan adoptar medidas organizativas, ou curriculares, en función das necesidades de dito alumnado. O mecanismo para comunicarse coas familias será a través dos respectivos titores/as.

## 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

### Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	UD 9	Total
<b>Peso UD/ Tipo Ins.</b>	<b>11</b>	<b>12</b>	<b>11</b>	<b>12</b>	<b>12</b>	<b>14</b>	<b>9</b>	<b>9</b>	<b>10</b>	<b>100</b>
<b>Proba escrita</b>	100	70	70	70	60	50	30	0	0	<b>52</b>
<b>Táboa de indicadores</b>	0	30	30	30	40	50	70	100	100	<b>48</b>

### Criterios de cualificación:

Existen tres tipos de avaliación: unha avaliación inicial que sitúe ao docente fronte ao alumnado amosando cal é a situación de partida do mesmo; unha avaliación continua ao longo do proceso que permita rexistrar e comprobar o desenvolvemento das aprendizaxes e o propio proceso e intervir no mesmo para introducir melloras ou modificacións; e unha avaliación final ou sumativa que permita comprobar os resultados.

## Procedementos e instrumentos de avaliación

En canto ó sistema de avaliación, a metodoloxía será variada; primarase a observación directa e diaria do alumnado na aula: realización ou non dos traballos e tarefas encomendadas, dificultades atopadas, esforzo individual, participación nas tarefas en grupo, etc. Valorando tamén a actitude do alumno no exercicio dos seus dereitos e deberes no grupo, e por último o seu interese.

Esta completarase coa análise das producións individuais e grupais esixidas ó longo das unidades, elaboración de documentos de distinto tipo, pequenos traballos de investigación... destacando o caderno de clase.

Por último, faranse probas escritas de carácter sumativo para comprobar o grao de adquisición de determinados criterios de avaliación dificilmente avaliábeles por outras vías.

É fundamental ter presente que a finalidade da avaliación é a de ser formativa; por iso tamén resulta imprescindible detectar en cada intre como se adapta o alumnado individualmente ó proceso de ensino-aprendizaxe previsto, e corrixi-lo de forma inmediata os erros que puideran detectarse no mesmo. Para iso resulta importante escoitar ó alumnado, que sexan eles os que avalíen o seu traballo, o dos compañeiros ou o do profesorado. Poderá conseguirse isto último, a través recollida e análise de información do alumnado a través de rúbricas, postas a disposición de tódolos actores o proceso de ensino-aprendizaxe (alumnado e profesorado), de doada aplicación en tarefas de carácter expositivo ou nas probas parciais.

Os instrumentos de avaliación serán:

- Probas de avaliación inicial para detectar o punto de partida do alumnado, e as súas posibles carencias e necesidades. Obrigada ao comezo do proceso de ensino-aprendizaxe (véxase apartado Avaliación Inicial), a avaliación inicial pode realizarse a través de probas escritas ou calquera outro instrumento que o docente considere cunha temporalización flexible: ao comezo das distintas unidades didácticas, con carácter trimestral, etc.

- Elaboración e cualificación do citado caderno de clase -no caso de 2º da ESO- no que deben aparecer os exercicios realizados. Este caderno é moi importante metodoloxicamente no primeiro ciclo da ESO. O caderno de aula, que non debe desaparecer, serve para consolidar a correcta expresión escrita e os procesos de análise a través da síntese, o resumo, a exposición de ideas ou contidos, etc.

- Traballos individuais, normalmente de carácter escrito (comentarios de textos; elaboración e comentarios de gráficas; comentarios de imaxes artísticas; proxectos de exposición na clase; traballos monográficos; lectura e recesións de fragmentos de textos, ou textos completos; etc.). Poderán recollese no caderno, pero tamén a través das plataformas virtuais, ou por outros medios que se consideren oportunos.

- Traballos en grupo, preferentemente en formato audiovisual, para ser expostos na aula.

- A docente levará un rexistro de resultados de aula, no que se recollan as tarefas solicitadas e os resultados obtidos por cada un dos alumnos/as na realización de ditos traballos/actividades. Para este rexistro empregará como referencia as rúbricas e descritores de competencias anteriormente citados e ademais unha rúbrica específica para a valoración global do traballo e producións do alumno.

- Probas escritas, normalmente ao finalizar algún bloque de contidos (cada unidade ou cada dúas unidades segundo o docente estime axeitado), que se axustarán, con flexibilidade, aos criterios de avaliación e competencias relacionadas con eses contidos. Estas probas poderán conter actividades de distinto tipo, como por exemplo:

- Preguntas de elección múltiple.
- Preguntas de asociación ou correspondencia.
- Preguntas alternativas: correcto/incorrecto, verdadeiro/falso, si/non, etc.
- Preguntas de resposta curta, relación e comentario.
- Preguntas de resposta elaborada de análise ou síntese.
- Calquera outro tipo que o docente considere axeitado metodoloxicamente ao nivel de desenvolvemento do alumnado.

A nivel xeral, as normas das probas escritas, das que se lle dará cumprida conta ao alumnado na aula, son as seguintes:

- Será motivo de perda de 0,5 puntos sobre a nota do exame empregar o lapis ou un bolígrafo que non sexa azul ou negro.
- Será motivo de perda de 0,5 puntos sobre a nota comezar o exame con material no pupitre ou con algo sobre a mesa que non sexa o propio exame e un bolígrafo azul ou negro.
- Será motivo de perda de 0,5 puntos sobre a nota do exame entregalo sen cumprimentar o nome.
- Será motivo de perda de ata 1 punto sobre a nota do exame comunicarse entre compañeiros/as de clase durante a realización do exame ou falar en voz alta sen o permiso previo do profesor.
- Se se detecta o uso por parte dun alumno/a de material de apoio, non autorizado polo profesor, durante o exame ou de calquera dispositivo electrónico, será motivo de retirada inmediata de dito exame e deberá repetilo na data que marque a docente, podendo acadar unicamente as cualificacións de aprobado/suspense. Ademais, o profesor esixiralle ao alumno/a a realización dun traballo compensatorio para considerar a cualificación de aprobado.

## Criterios de cualificación e promoción

A avaliación farase empregando as rúbricas e descritores competenciais, e reflectirase en puntuacións do 0 ao 10, obténdose unha cualificación global dos distintos instrumentos de avaliación ponderada segundo a importancia que se conceda a cada instrumento.

Xa que logo, os Criterios de cualificación empregados referiranse aos distintos instrumentos de avaliación, que foron deseñados para os citados criterios de avaliación e a avaliación das competencias clave. Son os seguintes:

- Participación positiva 10%
- Traballo e producións do alumnado 20%
- Probas escritas 70 %

### PROBAS ESCRITAS.

Realizaranse, cando menos se é posible, dúas probas escritas por período de avaliación e no deseño das mesmas tomaranse como referencia os criterios de avaliación e os contidos da materia.

Dado que as probas escritas supoñen un 70% do peso da materia, queda a elección do docente puntualos sobre 10 e ponderar esta puntuación ou puntuar as probas escritas sobre 7, e facer o propio cos outros instrumentos de avaliación (traballos, fichas, exposicións orais...), de tal maneira que ao sumalos dea 10.

Durante a realización das probas escritas, o alumnado non poderá estar en posesión nin utilizar dispositivos telefónicos móbiles nin calquera outro dispositivo electrónico ou doutro tipo, que permita o almacenamento de información. A posesión e/ou uso dalgún destes dispositivos por parte do alumnado, e o coñecemento de dito feito por parte do profesorado, implicará a retirada inmediata da proba que deberá repetir de novo na data que marque a docente, podendo acadar unicamente a cualificación de aprobado (5) ou suspense.

No caso de detectar a un alumno/a copiando ou utilizando métodos non autorizados expresamente, procederase a retirar o exame e proceder de maneira idéntica ao punto anterior, sen prexuízo da aplicación de outras medidas sancionadoras recollidas no regulamento do centro. O profesor esixirá ao alumnado que realice, por este tipo de comportamentos, un traballo compensatorio que deberá realizar correctamente para asegurar a condición de aprobado no exame a repetir.

En caso de que algunha alumna ou alumno non compareza ás probas escritas fixadas de antemán, e non xustifique segundo a/o docente a súa ausencia, non poderá repetir a proba, obtendo unha avaliación negativa. En caso de que xustifique a ausencia, aportando unha documentación válida a criterio da/do docente, realizarase a proba no seguinte día lectivo que corresponda á materia ou cando a/o docente o considere oportuno.

Todas as probas previstas serán marcadas polo profesor, permitindo ao alumnado organizar o seu tempo de estudo en función das súas necesidades.

O CADERNO E OS TRABALLOS.

Os traballos realizados polo alumno/a puntuaranse de 0 a 10 puntos ponderando a nota polo valor que teña no peso total da nota, ou puntuando directamente sobre a nota que pode levar (por exemplo sobre 0,75 puntos se ese é o valor do traballo na nota final da avaliación), tendo en conta as rúbricas e descritores de competencias. Dita puntuación consignarase no caderno do profesor, xunto coa valoración global do seu traballo tal e como se recolle na rúbrica correspondente.

As entregas dos traballos serán comunicadas polo profesor coa debida antelación ao alumnado para asegurar a súa correcta organización e elaboración.

**AS CUALIFICACIÓNS TRIMESTRAIS E FINAL.**

A cualificación trimestral obtérase realizando a cualificación ponderada dos distintos instrumentos de avaliación segundo se estableceron anteriormente ou ben puntuando cada instrumento de cualificación segundo o seu peso na avaliación, redondeando o resultado obtido.

A cualificación trimestral será positiva, cando esa nota media sexa de polo menos, cinco puntos (5).

A cualificación final do curso obtérase achando a nota media das tres avaliacións. A cualificación final será positiva, cando esa nota media (redondeada), sexa de, polo menos, cinco puntos (5).

Para o cálculo da cualificación final poderán empregarse as cualificacións trimestrais incluíndo os decimais.

### **Critérios de recuperación:**

Dado o carácter progresivo dos contidos estudados na materia de Economía e emprendemento de 4º da ESO, cando algunha das dúas primeiras avaliacións teña unha cualificación negativa, o alumnado terá a oportunidade de recuperala aprobando a avaliación inmediatamente seguinte. Obtendo nunha avaliación a cualificación de 5 puntos sobre 10, considérase superada a materia do anterior trimestre, quedándolle superada cunha cualificación dun 5.

Nos principios do mes de xuño, en base ás cualificacións obtidas ata ese momento, realizarase unha aproximación da nota da terceira avaliación e da avaliación final para informar ao alumnado que o precise, acerca das actividades e probas de recuperación correspondentes; no caso que non cumpran as condicións para a superación da materia.

O alumnado que non acade unha cualificación igual ou superior a 4,5 puntos na media aritmética das tres avaliacións trimestrais utilizando a nota de cada avaliación con dúas cifras decimais, poderá realizar actividades e probas de recuperación final durante o mes de xuño, nas que se examinará das avaliacións trimestrais que non teña superadas. Esta proba ou probas escritas constarán de exercicios prácticos e/ou teóricos que recollerán os aspectos máis importantes da materia, e estarán baseados nos mínimos de consecución esixibles que recolle esta programación.

Unha vez coñecidos os resultados destas recuperacións estableceranse as cualificacións definitivas das tres avaliacións trimestrais como a maior nota entre esa recuperación e a nota con dous decimais da devandita avaliación, aplicando a aproximación enteira por redondeo.

Neste tempo, o alumnado que teña unha cualificación final do curso positiva, realizará actividades de ampliación que formarán parte da cualificación da terceira avaliación, a cal non poderá ser inferior a 5.

## **6. Medidas de atención á diversidade**

Son medidas de atención á diversidade as actuacións, estratexias e/ou programas destinados a proporcionar unha resposta axustada ás necesidades educativas do alumnado (Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia en que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación e Orde do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011).

Por isto, é indispensable recoñecer a existencia de alumnos e alumnas con diferentes necesidades educativas debido ás súas diversas capacidades, motivacións, estilos de aprendizaxe e intereses. Por iso é necesario ofrecer diferentes respostas dentro da aula, que se poden concretar nos seguintes aspectos:

No referido ós obxectivos didácticos, procuraremos que haxa un equilibrio entre os distintos tipos de capacidades a desenvolver, de forma que o alumnado atope diferentes vías para achegarse ás aprendizaxes. Por exemplo:

- Capacidades cognitivas: contidos referidos a identificar, recoñecer, etc.
- Capacidades afectivas: obxectivos referidos á valoración e aprecio do patrimonio, de actitudes cívicas, habilidades sociais...
- Capacidades sociais: obxectivos orientados á valoración das repercusións de diversos feitos, á mellora do contorno social, etc.
- Capacidades de relación interpersonal: realización de tarefas en grupo, participación en debates, etc.

Ademais disto priorizaranse as capacidades transversais, de forma que o alumnado que non consigan algún obxectivo da etapa a través da materia de Economía, poida facelo a través de outras.

No referido aos contidos procurárase:

a. Fixar prioridades, é dicir, distinguir entre os contidos substanciais, que resulta básico aprender, e outras contidos accidentais que poden ser complementarios dos anteriores. Seguindo a guía establecida co grao mínimo de consecución fixado para os diferentes criterios de avaliación.

b. Establecer un equilibrio entre os distintos tipos de contidos (conceptos, procedementos e actitudes) tal e como se fixo cos distintos tipos de capacidades nos obxectivos didácticos.

Na avaliación procuraremos deseñar distintos niveis de complexidade, diferenciando tres graos de dificultade:

1. Que recoñeza e identifique.
2. Que analice e valore.
3. Que comente e valore criticamente a información.

Intentarase que cada alumno/a alcance os tres niveis, pero o grao de abstracción e dificultade de cada un permitirá diversificar os resultados do alumnado

Partindo das avaliacións iniciais en cada unidade e ao principio do curso considerarase a necesidade de utilizar reforzos ou exercicios complementarios. Utilizaranse estratexias de avaliación variadas, como expoñemos no apartado de avaliación, para contribuír á atención á diversidade.

Por último, hai unha serie de medidas de aula e metodolóxicas que favorecen o desenvolvemento da diversidade e que en parte sinalamos no apartado de metodoloxía:

- Uso de metodoloxías diversas, combinando os métodos de exposición e indagación.
- Actividades diferenciadas segundo a posibilidade de alcanzar un grao ou outro de afondamento nos obxectivos.
- Materiais non homoxéneos, combinando o libro de texto ou as monografíaes específicas con medios audiovisuais que contribúan a reforzar a motivación ou a aportar tarefas específicas a alumnos con dificultades de aprendizaxe.
- Agrupamentos: de forma que os alumnos/as poidan ser cambiados de lugar en función das necesidades da clase, sobre todo para o traballo en pequeno e gran grupo.
- Utilización de ritmos distintos, acordes coas capacidades e posibilidades dos alumnos e alumnas.

Especificamente mencionaremos as medidas levadas a cabo e consensuadas co Departamento de Orientación no que se refire a:

1. Tratamento do Déficit de Atención e Hiperactividade: terase en conta a Prevención e intervención dentro da aula do “Protocolo de consenso sobre TDAH na infancia e na adolescencia nos ámbitos educativo e sanitario”, con medidas de ubicación e ordenación da aula, reforzos positivos, técnicas de time-out, consolidación de hábitos e rutinas de traballo, utilización de axenda escolar na planificación, etc.

2. Dificultades de Lecto-Escritura: reforzamento de lectura comprensiva, supervisión e reforzo de expresión escrita.

En todo caso, sempre se seguirán os protocolos establecidos a este ámbito de atención á diversidade establecidos na web [educonvives.com](http://educonvives.com) (protocolo educativo para a prevención, detección e tratamento do acoso escolar e ciberacoso,

protocolo de urxencias sanitarias, protocolo de atención educativa domiciliaria, protocolo de identidade de xénero...). Teranse en conta, especialmente, os seguintes protocolos:

1. Protocolo de tratamento educativo do alumnado con trastorno do espectro do autismo (TEA). Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.
2. Protocolo para a intervención psicoeducativa da dislexia e/ou outras dificultades específicas da aprendizaxe. Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.
3. Protocolo de consenso sobre TDAH na infancia e na adolescencia nos ámbitos educativo e sanitario xa nomeado. Xunta de Galicia, 2014.
4. Protocolo para a atención educativa ao alumnado con altas capacidades intelectuais. Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional, 2019.

Finalmente, para aqueles alumnos/as que non consigan acadar os obxectivos mínimos a través de todas estas medidas ordinarias de aula, recorrerase a adaptacións curriculares, realizadas en colaboración co Departamento de Orientación e que poderán modificar os elementos prescriptivos do currículo segundo as necesidades do alumno/a, con probas deseñadas especificamente para os alumnos e alumnas que o necesiten.

## 7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Comprensión lectora	X	X	X	X	X	X	X	X

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.2 - Expresión oral e escrita	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.3 - Comunicación audiovisual	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.4 - Competencia dixital	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.5 - Emprendemento social e empresarial	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.6 - Fomento do espírito crítico e científico	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.7 - Educación emocional e en valores	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.8 - A igualdade de xénero	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.9 - A creatividade	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.10 - Educación cívica	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.11 - O desenvolvemento sustentable	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.12 - Educación ambiental	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.13 - Educación para a paz	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.14 - Educación viaria	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.15 - Educación para a saúde	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.16 - Educación sexual	X	X	X	X	X	X	X	X

	UD 9
ET.1 - Comprensión lectora	X
ET.2 - Expresión oral e escrita	X
ET.3 - Comunicación audiovisual	X
ET.4 - Competencia dixital	X
ET.5 - Emprendemento social e empresarial	X
ET.6 - Fomento do espírito crítico e científico	X
ET.7 - Educación emocional e en valores	X

	UD 9
ET.8 - A igualdade de xénero	X
ET.9 - A creatividade	X
ET.10 - Educación cívica	X
ET.11 - O desenvolvemento sustentable	X
ET.12 - Educación ambiental	X
ET.13 - Educación para a paz	X
ET.14 - Educación viaria	X
ET.15 - Educación para a saúde	X
ET.16 - Educación sexual	X

### Observacións:

Fomentarase valores como a liberdade, xustiza, pluralismo político, a paz e a democracia, respecto ós dereitos humanos, prevención da violencia de xénero, racismo,...

Por iso, o Departamento concreta estes aspectos sobre a transversalidade:

- Na materia de Economía traballárase mediante a reflexión sobre os dereitos e deberes cidadáns e na importancia dos deberes fiscais.
- A comprensión de lectura, a expresión oral e escrita son elementos presentes en todas as unidades didácticas (traballos escritos, exposicións, uso da prensa...).
- Nos contidos de Economía traballamos a busca e selección de información a través de Internet.
- O desenvolvemento sustentable e o medio son elementos que están presentes na materia de Economía mediante o estudo da xestión sostible dos recursos económicos.
- Educación ambiental. O principal obxectivo que perseguimos é o de que o alumnado sexa capaz de identificar e analizar problemas que afectan ó ambiente, pero sen quedar nunha posición teórica, senón coa pretensión do desenvolvemento de actitudes proactivas cara á súa conservación e mellora.
- Educación para a paz. Búscanse os obxectivos coma espertar condutas de tolerancia, non violencia, desarmamento.
- Educación viaria. O seu obxectivo é sensibilizar ós alumnos sobre os problemas de tráfico, as condutas adecuadas e inadecuadas e as súas consecuencias (accidentes e mortes).
- Educación non sexista. Búscanse os obxectivos coma conseguir que os alumnos e alumnas sexan capaces de identificar situacións e presupostos de discriminación sexual, de analizar as súas causas.
- Educación para a saúde. Búscanse os obxectivos coma promover hábitos favorables á saúde física, mental, social e ambiental e analizar criticamente os medios naturais daniños para o ser humano.
- Educación do consumidor. Búscanse os obxectivos coma conseguir que os alumnos e alumnas adquiran hábitos de consumo racionais e novos.
- Educación sexual. O obxectivo é formular problemas relacionados co control da natalidade e o desenvolvemento demográfico. A principal actitude sería que asuman unha sexualidade sen riscos.

## 7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Visita empresa.	Co fin de analizar a toma de decisións dun dos principais axentes económicos.			X
Programa de Educación Cívico-Tributaria - Agencia Estatal Administración Tributaria.	Actividades destinadas a explicar á cidadanía máis nova o impacto que o sistema fiscal, na súa dobre vertente de ingresos e gastos públicos, ten na súa vida cotiá e nas súas perspectivas de futuro. É posible elixir entre as seguintes actuacións: Xornadas de portas abertas nas Delegacións ou charlas impartidas por persoal da Axencia Tributaria nos centros.			X
Participación en concursos e/ou programas de innovación educativa asociado cos contidos da materia.	Finanzas para mortais (Plan Eduemprende), i-Comercio (Dirección xeral de Comercio e Consumo), Pon o teu diñeiro a salvo! (AFundación), As túas finanzas o teu futuro (Fundación Junior Achievement).		X	X
Charlas formativas a cargo de empresas e/ou institucións.	Charlas que pretenden achegar a realidade económica ao alumnado.		X	X
Actividades vinculadas cos ODS da Axenda 2030.	Participación no programa Galicons-net, Plan Proxecta curso 2023/24.	X	X	X

### Observacións:

Considéranse un elemento esencial do proceso de ensino-aprendizaxe. As saídas deséñanse en función dos obxectivos das distintas materias, pero teñen un carácter interdisciplinar e serven para varias delas.

O Departamento en coordinación co Departamento de Actividades Extraescolares e tendo e en contacto cos demais departamentos tratará de realizar cando menos unha saída do centro en cada un dos niveles da ESO. Estas saídas asóciase a tódalas materias desta programación para seren aproveitadas.

Propoñemos como actividades complementarias a organización de charlas con persoas invitadas externas ao centro e vinculadas co mundo da empresa e o mundo da banca e as finanzas.

Data e lugar de realización: pendentes de fixar. O ideal sería facelas nas semanas finais de cada avaliación.

Profesorado responsable: docente de 4º da ESO.

## 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
O nivel de dificultade foi adecuado ás características do alumnado.
Axudei a descubrir a utilidade e funcionalidade do estudado.
Favorecín que o alumnado adquirise actitudes críticas e comprometidas.
Dei un peso real á observación do traballo na aula.
Valorei adecuadamente o traballo cooperativo do alumnado dentro do grupo.



Ofrezoo ao alumnado de forma rápida os resultados das probas/ traballos, etc.
Analizo e comento co alumnado os aspectos máis significativos derivados da corrección das probas, traballos, etc.
Doulle ao alumnado a posibilidade de visualizar e comentar os seus acertos e erros.
Explícolle a cada alumno/a cales son as súas áreas de mellora.
Organizo e estruturo ben as clases.
Tódalas actividades programadas foron levadas a cabo.
<b>Metodoloxía empregada</b>
Conseguín crear un conflito cognitivo que favoreceu a aprendizaxe.
Conseguín motivar para lograr a actividade intelectual do alumnado.
Conseguín a participación activa de todo o alumnado.
Acadei que os alumnos/as aprenderan os uns dos outros.
Logrei a aprendizaxe significativa do alumnado.
Fomentei as aprendizaxes experienciais.
As miñas explicacións foron claras e resaltei debidamente os contidos máis importantes.
As miñas explicacións foron suficientemente amenas.
Empreguei distintos procedementos e instrumentos de avaliación.
Como norma xeral, fago explicacións xerais para todo o alumnado.
Ofrezoo a cada alumno/a as explicacións individualizadas que precisa.
Combato o individualismo e a competitividade coas metodoloxías aplicadas.
Utilizo distintas estratexias metodolóxicas en función dos temas a tratar.
Nas miñas clases combínase o traballo individual e en equipo.
<b>Medidas de atención á diversidade</b>
Adoptei as medidas organizativas adecuadas para atender ao alumnado con NEAE.
Atendín adecuadamente á diversidade do alumnado.
Elaboro actividades atendendo á diversidade.
Elaboro probas de avaliación adaptadas ás necesidades do alumnado con NEAE.
As medidas de apoio, reforzo, etc. están claramente vinculadas aos criterios de avaliación.

Clima de traballo na aula
Favorecín o desenvolvemento das capacidades intelectuais e sociais do alumnado.
Axudei a desenvolver a autoestima, a motivación intrínseca, a satisfacción persoal e a empatía do alumnado
Amósome accesible e disposto no trato co alumnado.
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Contei co apoio e coa implicación das familias no traballo do alumnado.
Mantiven (ou intentei manter) un contacto periódico coas familias do alumnado.
Grao de implicación nas funcións de titoría e orientación.
Outros
Potencio estratexias de animación á lectura.
Potencio estratexias tanto de expresión como de comprensión oral e escrita.
Incorporo as TIC aos procesos de ensino-aprendizaxe dun modo axeitado.
Presto atención aos elementos transversais vinculados a cada criterio de avaliación.

### Descrición:

No que respecta á avaliación do proceso de ensino e a práctica docente, e tal e como establece a normativa, esta levarase a cabo mediante unha serie de mecanismos. O profesor fará un seguimento diario a través da observación, anotará no seu caderno aquelas cuestións que considere relevantes, e cubrirá unha táboa de reflexión docente ao finalizar cada UD.

Ao termo de cada trimestre, entregaráselle ao alumnado un cuestionario sobre o proceso de ensino e a práctica docente, que cubrirá de forma anónima.

Asemade, o delegado/a de cada clase reunirse co profesor, finalizado o trimestre, para detallarlle aqueles aspectos que o grupo considere oportunos.

Considerando os resultados de tódalas cuestións citadas anteriormente, das cales nos valem para conseguir unha percepción máis realista e precisa do proceso de ensino e da práctica docente, a profesora cubrirá dous cuestionarios con indicadores de logro, un sobre o proceso de ensino e outro acerca da práctica docente. Ditos cuestionarios, serán elaborados polo propio profesor de acordo coas recomendacións da Consellería de Educación da Xunta de Galicia para o deseño de programacións didácticas segundo a LOMLOE. Neles empregaranse os seguintes indicadores de logro: 1 (totalmente en desacordo), 2 (en desacordo), 3 (de acordo) ou 4 (totalmente de acordo).

## 8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Xunto á avaliación do proceso de ensino e da práctica docente, cómpre destacar tamén o seguimento da PD. Para a súa avaliación, empregaremos algúns dos mecanismos de revisión e modificación da avaliación anteriormente comentados que teñan que ver coa programación.

Estes son: o seguimento diario a través da observación e a anotación das cuestións relevantes; o cuestionario para o alumnado; as reunións cos delegados; as suxestións libres; e as reunións semanais co departamento. Ademais, para a realización desta avaliación empregaranse as reunións de final de trimestre do departamento, nas que se fará un seguimento da programación dun modo detallado, e discutiránse os posibles cambios ou melloras na mesma tanto de cara ao seguinte trimestre como de cara ao curso seguinte. Pola súa banda, a Comisión de Coordinación Pedagóxica do centro tamén realizará unha valoración trimestral do desenvolvemento da presente PD.

Por último, o profesor cubrirá un cuestionario final ao remate de cada trimestre, que segue as recomendacións da Consellería de Educación da Xunta de Galicia para o deseño de programacións didácticas segundo a LOMCE. Este cuestionario, xunto cos demais mecanismos de revisión, anteriormente comentados, servirá para revisar e avaliar a

súa programación.

Cuestionario para a avaliación da programación didáctica: (empregaranse os seguintes indicadores de logro: 1 (totalmente en desacordo), 2 (en desacordo), 3 (de acordo) ou 4 (totalmente de acordo))

1. Adecuación do deseño das unidades didácticas, temas ou proxectos a partir dos elementos do currículo.
2. Adecuación da secuenciación e da temporalización das unidades didácticas/temas/proxectos.
3. O desenvolvemento da programación respondeu á secuenciación e a temporalización previstas.
4. Adecuación da secuenciación dos criterios de avaliación e contidos para cada unha das unidades, temas ou proxectos.
5. Adecuación do grao mínimo de consecución fixado para cada criterio de avaliación.
6. Asignación a cada criterio de avaliación do peso correspondente na cualificación.
7. Vinculación de cada criterio de avaliación a un ou varios instrumentos para a súa avaliación.
8. Asociación de cada criterio de avaliación cos elementos transversais a desenvolver.
9. Fixación dunha estratexia metodolóxica común para todo o departamento.
10. Adecuación da secuencia de traballo na aula.
11. Adecuación dos materiais didácticos utilizados.
12. Adecuación do libro de texto.
13. Adecuación do plan de avaliación inicial deseñado, incluídas as consecuencias da proba.
14. Adecuación da proba de avaliación inicial, elaborada a partir dos criterios de avaliación.
15. Adecuación das pautas xerais establecidas para a avaliación continua: probas, traballos, etc.
16. Adecuación dos criterios establecidos para a recuperación dun exame e dunha avaliación.
17. Adecuación dos criterios establecidos para a avaliación final.
18. Adecuación dos criterios establecidos para a avaliación extraordinaria.
19. Adecuación dos criterios establecidos para o seguimento de materias pendentes.
20. Adecuación dos criterios establecidos para a avaliación desas materias pendentes.
21. Adecuación dos exames, tendo en conta a ponderación de cada criterio de avaliación
22. Adecuación dos programas de apoio, recuperación, etc. vinculados aos criterios de avaliación.
23. Adecuación das medidas específicas de atención ao alumnado con NEAE.
24. Grao de desenvolvemento das actividades complementarias e extraescolares previstas.
25. Adecuación dos mecanismos para informar ás familias sobre criterios de avaliación, contidos e instrumentos.
26. Adecuación dos mecanismos para informar ás familias sobre os criterios de promoción.
27. Adecuación do seguimento e da revisión da programación ao longo do curso.
28. Contribución desde a materia ao plan de lectura do centro.
29. Grao de integración das TIC no desenvolvemento da materia.

## 9. Outros apartados

### 1. Accións de contribución ao plan TIC

As TIC resultan imprescindibles nas materias que dependen do departamento de Xeografía e Historia, porque aumentan as posibilidades de comunicación, axilizan os intercambios e mesmo poden propiciar formas de traballo cooperativo que abarquen espazos físicos e sociais cada vez máis amplos.

Alguns dos usos das TIC que temos previsto facer son os seguintes:

- Busca de información en diferentes páxinas web, para completar traballos. Estas buscas de información formarán parte sempre de traballos estruturados, para facilitarlle ao alumnado os labores de selección e organización dos datos.
- Utilización de programas informáticos como Power Point ou Prezi para facer exposicións na clase, tanto por parte do profesorado como do alumnado.
- Utilización do encerado dixital e da aula de informática.

## **2. Accións de contribución ao proxecto lector**

As materias correspondentes a este departamento, contribúen a desenvolver o dominio das habilidades de ler e escribir diferentes tipos de textos cada vez máis complexos e que resultan fundamentais como elementos de información social e histórica.

A Economía posúe un léxico complexo e moitas veces novidoso, que será conveniente presentar de forma gradual. Na aula desenvolveranse estratexias de comprensión lectora poñendo énfase na lectura persoal: o profesorado dedicará un tempo á lectura individual dalgún texto, que poderá ser tamén do libro ou calquera outro que considere relevante, sobre o que o alumnado realizará actividades escritas que servirán para coñecer o nivel de comprensión acadado por cada un deles.

## **3. Accións de contribución ao plan de convivencia**

O obxectivo do plan de convivencia é garantir un ambiente educativo de respecto mutuo que faga cumprir os fins educativos. Tendo en conta que os tipos de conflitos máis frecuentes son: alteracións na aula, distraccións e falta de atención, non facer as tarefas encomendadas, perda de respecto entre iguais e/ou a profesorado. Para evitalo, é importante que o alumnado coñeza claramente as NOF.

Manterase unha clase motivada e atenta, prestando atención ó alumnado con NEAE. Traballarase estreitamente co DO e con XE. Favoreceranse actividades interdepartamentais facilitadoras da convivencia. Ademais é importante manter un contacto fluído coas familias, mantendoas debidamente informadas de calquera problema ou situación relevante que se producise empregando como medios Abalar, aula virtual e titorías.